

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

DECRETO 120/2016, do 1 de setembro, de medidas urxentes de axuda para a reparación de danos causados polos incendios que se produciron en Galicia durante o mes de agosto do ano 2016.

Durante o mes de agosto de 2016 unha vaga de incendios forestais ameazou o territorio da nosa comunidade autónoma, nunha situación de extrema dificultade derivada da combinación de altas temperaturas, unha seca prolongada, vento e incendiarios, que causaron graves danos en diversos bens de titularidade pública e privada.

A existencia deste tipo de situacións de emerxencia de natureza catastrófica trouxo consigo danos con repercusión no ámbito económico e social, o que fai necesario articular mecanismos de colaboración e cooperación entre todas as administracións implicadas, en concreto, mediante o establecemento dun sistema de axudas que palién os danos causados polos incendios, que atendan as situacións de necesidade en que se puidesen atopar os colectivos directamente afectados, e mesmo contribúan a restaurar os valores naturais e a reactivar a actividade económica das zonas afectadas.

Xa o propio ditame do Comité das Rexións (2010/C 79/04) establece a necesidade dunha resposta inmediata e directa ante a existencia de calquera situación de natureza catastrófica.

O artigo 38 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, prevé a actuación das administracións públicas, dentro das súas respectivas competencias, para o restablecemento dos servizos esenciais para a comunidade afectada pola situación de emerxencia, así como o establecemento de axudas en atención ás necesidades derivadas das ditas situacións cando teñan natureza catastrófica.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 31 de marzo de 2010, adoptou o acordo polo que se establecen as directrices básicas de actuación coa finalidade de restablecer os servizos esenciais afectados como consecuencia dunha catástrofe ou calamidade, así como de protexer a integridade das persoas e bens de titularidade pública ou privada e mais os danos provocados por estas situacións.



Deste xeito, establécese un protocolo de actuación que deberá ser seguido nestas situacións, de modo que, mediante decreto, se acorde a oportunidade de outorgar axudas destinadas á reparación dos danos e perdas causados.

Logo de informe da Axencia Galega de Emerxencias, o episodio dos incendios que asolaron o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia durante o mes de agosto de 2016 declárase como de natureza catastrófica.

Na súa virtude, por proposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, tras o informe da Axencia Galega de Emerxencias do 18 de agosto de 2016, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día un de setembro de dous mil dezaseis

DISPOÑO:

Artigo 1. *Ámbito de aplicación*

As axudas previstas neste decreto aplicaranse á reparación dos danos orixinados polos incendios acontecidos durante o mes de agosto de 2016 no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, nos termos e nas contías máximas que se establezan nel, así como nas correspondentes convocatorias que o apliquen, e preferentemente nos termos municipais e núcleos de poboación indicados no anexo deste decreto.

Artigo 2. *Natureza das axudas*

1. A concesión destas axudas terá carácter subsidiario respecto de calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, de que poidan ser beneficiarios os afectados.

2. Non obstante, cando os mencionados sistemas non cubran a totalidade dos danos producidos, as axudas previstas neste decreto concederanse con carácter complementario e serán compatibles en concorrencia con outras subvencións, indemnizacións, axudas, ingresos ou recursos procedentes de sistemas públicos ou privados, estatais ou internacionais, ata o límite do valor do dano producido ou da contía ou porcentaxe deste que se fixe nas correspondentes convocatorias.



Artigo 3. *Réxime xurídico*

1. O procedemento de concesión rexeráse polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

2. As axudas poderanse outorgar en réxime de concesión directa por mor do interese público, social, económico e humanitario derivado das excepciónais circunstancias que concorren neste caso, e concederanse nos termos e condicións que se establezan nas súas correspondentes bases reguladoras.

Artigo 4. *Réxime de contratación*

1. Para os efectos previstos no artigo 113 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, terán a consideración de obras, servizos, adquisicións ou subministracións de emerxencia os de reparación ou mantemento do servizo de infraestruturas ou equipamentos, así como as obras de reposición de bens prexudicados polos incendios.

2. Para estes efectos, inclúense entre as infraestruturas as estradas, as de transportes, as eléctricas, as hidráulicas e as forestais.

3. Declararase urxente a ocupación dos bens afectados polas expropiacións derivadas da realización das obras a que se refire este artigo, para os efectos establecidos no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Artigo 5. *Beneficiarios*

1. Poderán solicitar as axudas, nos termos que se establezan neste decreto e nas convocatorias que se aproben, os seguintes beneficiarios:

a) As persoas físicas propietarias ou usufrutuaras de vivendas que sufrisen danos que afecten tanto o inmovible como o enxoval.

b) Os titulares dos establecementos comerciais, mercantís, industriais e turísticos en que se producen danos derivados directamente dos incendios.



c) Os titulares de explotacións forestais, agrícolas e gandeiras, polos danos e perdas derivados directamente dos incendios, así como os titulares de maquinaria afectada por incendios forestais.

d) As entidades locais, para facer fronte aos gastos derivados das actuacións levadas a cabo como consecuencia dos incendios e aos danos causados nos bens e dereitos de titularidade municipal polos incendios.

2. Os prazos para a presentación de solicitudes determinaranse nas disposicións que se diten en desenvolvemento deste decreto.

Artigo 6. *Axudas por danos persoais*

As axudas por danos persoais concederanse por falecemento, por incapacidade absoluta permanente e por lesións que causasen a hospitalización da persoa ferida cando o feito causante teña a súa orixe nos acontecementos obxecto de regulación neste decreto.

O importe desta axuda será para o caso de falecemento e incapacidade permanente absoluta de 18.000 euros, e de entre 60 e 103 euros por día de hospitalización, sen que en ningún caso se poidan superar as contías que resultan de aplicar o sistema para a valoración dos danos e perdas causados ás persoas en accidentes de circulación, recollido no texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2004, do 29 de outubro.

Artigo 7. *Axudas para reposición de infraestruturas e equipamentos privados danados*

1. Será obxecto de axuda a reparación dos danos causados polos incendios nas seguintes infraestruturas de titularidade privada situadas en terreos forestais:

- a) Pistas forestais.
- b) Captacións de auga.
- c) Cerramentos e os seus complementos.
- d) Bebedeiros.
- e) Comedeiros.



2. Así mesmo, será obxecto de axuda a reparación dos danos causados na maquinaria e equipamento agrícola ou forestal ocasionados en tarefas de colaboración nos labores de extinción de incendios forestais, na medida en que non fose cuberta pola Administración xeral do Estado.

3. Poderán ser obxecto tamén de axuda aquelas plantacións privadas nas condicións que se establezan, así como aqueles amoreamentos de madeira cortada afectada polos incendios forestais.

Artigo 8. *Axudas por danos causados en vivendas e enxoval doméstico*

1. Serán obxecto de axuda os danos causados polos incendios sinalados anteriormente na vivenda que constituía a residencia permanente e habitual dos seus moradores e nas súas instalacións complementarias, na parte non comprendida tanto polas axudas que aproben outras administracións públicas como por calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, estatal ou internacional, de que poidan ser beneficiarios os afectados, e polo importe correspondente ata cubrir como máximo o 100 % do valor de reparación ou reposición do inmovible danado, sen que en ningún caso o importe da dita axuda, en conxunto, poida superar o límite do 75 % do prezo de venda dunha vivenda protexida de réxime xeral na mesma localidade.

2. Serán obxecto de axuda os danos causados no resto das vivendas ata acadar o 40 % do valor de reparación ou reposición do inmovible danado, sen que en ningún caso o importe da dita axuda poida superar o 40 % do 75 % do prezo de venda dunha vivenda protexida de réxime xeral na mesma localidade. As vivendas deberán dedicarse, polo menos, a vivenda ocasional, e quedan excluídas destas axudas as edificacións ruinosas e as que estean en manifesto abandono.

3. Para os efectos deste artigo entenderase por vivenda as construcións anexas e instalacións complementarias e elementos comúns no caso de comunidades de propietarios. Como instalacións complementarias entenderanse as construcións e equipamentos de apoio á economía e vida familiar tales como pozos, hórreos, alpendres, invernadoiros para autoconsumo, instalacións eléctricas e de iluminación, instalacións de telecomunicacións etc., sempre e cando estean situadas no mesmo predio da vivenda. No mesmo sentido entenderase como construción ou instalación complementaria o cerramento preexistente do predio en que está a vivenda. En calquera caso, o importe máximo de axudas polo concepto de danos en instalacións complementarias non poderá ser superior a 3.000 euros.



4. Serán igualmente obxecto de axudas os danos sufridos no enxoval doméstico de primeira necesidade cando non estivesen incluídos nas axudas que para o mesmo efecto puidesen aprobar outras administracións. O importe da axuda será de ata o 100 % ou de ata o 40 % dos gastos de reparación ou reposición en función de que o enxoval sexa o da vivenda habitual e permanente ou o da vivenda ocasional, respectivamente.

Artigo 9. Axudas por danos sufridos en establecementos comerciais, industriais, turísticos e mercantís

1. Serán obxecto de axuda os danos provocados nos establecementos comerciais, industriais, turísticos ou mercantís como consecuencia dos estragos ocasionados polos incendios nas súas edificacións, instalacións, maquinaria e nas mercadorías nelas depositadas, así coma nos vehículos comerciais ou industriais afectos a estas actividades.

2. Quedarán excluídas da percepción destas axudas as actividades de xeración, transporte e distribución de enerxía eléctrica.

Artigo 10. Axudas por danos nas explotacións agrícolas ou gandeiras

Respectando os criterios establecidos pola Unión Europea nas Directrices comunitarias sobre axudas estatais nos sectores agrícola e forestal e nas zonas rurais de 2014 a 2020, os titulares de explotacións agrícolas ou gandeiras que sufrisen perdas da súa produción por mor dos incendios poderán ser beneficiarios das axudas polos danos sufridos nas explotacións que estean situadas no ámbito xeográfico sinalado no artigo 1.

Artigo 11. Axudas ás entidades locais

1. Serán obxecto de axudas os gastos derivados das actuacións levadas a cabo como consecuencia dos incendios e os danos causados nos bens de titularidade municipal prexudicados polos incendios.

Estas axudas terán, en todo caso, carácter complementario ás que sexan aprobadas por outras administracións.

2. Quedarán excluídas as infraestruturas de xeración, transporte e distribución de enerxía eléctrica.



Artigo 12. *Convenios con outras administracións públicas e entidades colaboradoras*

1. A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia propiciará a subscripción co resto das administracións públicas e coas entidades colaboradoras dos convenios de colaboración que exixa a aplicación deste decreto con vistas ao cofinanciamento das actuacións.

2. Nos convenios de colaboración deberase fixar a forma en que se librarán os fondos ás entidades locais para proceder á reparación dos danos causados nas infraestruturas públicas e o restablecemento dos servizos públicos e nos subscritos coas entidades colaboradoras as condicións e obrigas asumidas por estas consonte o disposto no artigo 13 da Lei 9/2007, de subvencións en Galicia.

Artigo 13. *Financiamento*

1. As axudas públicas reguladas neste decreto financiaranse con cargo aos orzamentos das respectivas consellerías afectadas. Para estes efectos realizaranse, de ser o caso, as modificacións de crédito que sexan necesarias.

2. En todo caso a concesión das axudas estará subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Disposición adicional primeira

O pagamento das axudas establecidas nos artigos 7, 9 e 10 estará en todo caso condicionado a que exista normativa comunitaria que habilite as ditas axudas ou a que, de ser o caso, os órganos competentes da Unión Europea adopten unha decisión de non formular obxeccións ou declaren a subvención compatible co mercado común e nos termos en que a dita declaración se realice, aspecto este que deberá constar no acto administrativo de concesión.

Disposición adicional segunda

Facúltase a Consellería do Medio Rural para que no ámbito das súas competencias poida realizar directamente actuacións de reparación, restauración ou mitigacións dos danos e efectos causados polos incendios forestais, en montes veciñais, montes de varas ou Sofor.

As ditas actuacións tamén se poderán realizar en terreos particulares cando a súa eficacia exceda os límites das parcelas.



As ditas actuacións, entre outras, poderanse referir á mellora de pistas e outras infraestruturas forestais de transporte, captacións de auga e evacuación de augas de escorrente. Así mesmo, en actuacións de reparación e reposición de peches gandeiros e as súas instalacións complementarias afectadas por incendios, así como a realización daqueles peches alternativos para soste as cabanas afectadas, e a subministración de balas de palla para o mantemento de cabanas afectadas.

Son tamén actuacións elixibles aquelas orientadas á restauración do potencial forestal, incluíndo as sementeiras rexenerativas, accións de consolidacións de solos queimados, eliminación de madeira queimada non comercial ou novas plantacións substitutorias.

Disposición derradeira primeira

Impulsarase a creación dunha comisión coa Administración do Estado, coas deputacións provinciais e coas administracións locais afectadas, co fin de determinar, no seu seo, as cantidades que achegará cada unha delas para a asunción dos danos e, de ser o caso, o sinalamento e identificación dos que serán reparados ou sufragados por cada Administración.

Disposición derradeira segunda

Facúltanse os distintos titulares das consellerías e das entidades do sector público para que, no ámbito das súas competencias, diten as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste decreto, adoptando as medidas necesarias para a súa aplicación.

Para os ditos efectos entenderanse competentes para a concesión das axudas previstas neste decreto as seguintes consellerías:

- Axudas por danos persoais, a Consellería de Facenda.
- Axudas para reposición de infraestruturas e equipamentos privados danados, a Consellería do Medio Rural.
- Axudas por danos causados en vivendas e instalacións complementarias, o Instituto Galego de Vivenda e Solo.
- Axudas para compensar os danos sufridos en establecementos comerciais, industriais, turísticos e mercantís incluídos no seu ámbito competencial, a Consellería de Economía, Emprego e Industria ou a Axencia Turismo de Galicia.



– Axudas por danos nas explotacións forestais, agrícolas e gandeiras, a Consellería do Medio Rural.

– Axudas ás entidades locais ou actuacións directas sobre os seus bens, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e a Consellería do Medio Rural, no ámbito das súas respectivas competencias e funcións.

Disposición derradeira terceira

Facúltase a Consellería de Facenda para adoptar as medidas financeiras e orzamentarias consecuentes para facer fronte ás situacións de carácter extraordinario, derivadas dos incendios acontecidos durante o mes de agosto de 2016, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, que adopte a Xunta de Galicia para a reparación dos danos causados.

Disposición derradeira cuarta

Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, un de setembro de dous mil dezaseis

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Alfonso Rueda Valenzuela
Vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

ANEXO

Termos municipais e núcleos de poboación afectados aos cales serán de aplicación as axudas

Provincia	Zona	Concello
A Coruña	Interior da Coruña	Ames
A Coruña	Interior da Coruña	Aranga
A Coruña	Interior da Coruña	Brión
A Coruña	Interior da Coruña	Curtis



Provincia	Zona	Concello
A Coruña	Interior da Coruña	Frades
A Coruña	Interior da Coruña	Mesía
A Coruña	Interior da Coruña	Monfero
A Coruña	Interior da Coruña	Negreira
A Coruña	Interior da Coruña	Ordes
A Coruña	Interior da Coruña	Oroso
A Coruña	Interior da Coruña	Pino (O)
A Coruña	Interior da Coruña	Pontes de García Rodríguez (As)
A Coruña	Interior da Coruña	Santa Comba
A Coruña	Interior da Coruña	Santiago de Compostela
A Coruña	Interior da Coruña	Santiso
A Coruña	Interior da Coruña	Teo
A Coruña	Interior da Coruña	Toques
A Coruña	Interior da Coruña	Tordoia
A Coruña	Interior da Coruña	Touro
A Coruña	Interior da Coruña	Val do Dubra
A Coruña	Interior da Coruña	Valdoviño
A Coruña	Interior da Coruña	Vedra
A Coruña	Noroeste da Coruña	Ares
A Coruña	Noroeste da Coruña	Arteixo
A Coruña	Noroeste da Coruña	Betanzos
A Coruña	Noroeste da Coruña	Carballo
A Coruña	Noroeste da Coruña	Cerceda
A Coruña	Noroeste da Coruña	Cesuras
A Coruña	Noroeste da Coruña	Coristanco
A Coruña	Noroeste da Coruña	Ferrol
A Coruña	Noroeste da Coruña	Laracha (A)
A Coruña	Noroeste da Coruña	Mañón
A Coruña	Noroeste da Coruña	Miño
A Coruña	Noroeste da Coruña	Narón
A Coruña	Noroeste da Coruña	Ortigueira
A Coruña	Noroeste da Coruña	Oza dos Ríos
A Coruña	Noroeste da Coruña	Paderne
A Coruña	Noroeste da Coruña	Pontedeume



Provincia	Zona	Concello
A Coruña	Noroeste da Coruña	Sada
A Coruña	Oeste da Coruña	Camariñas
A Coruña	Oeste da Coruña	Carnota
A Coruña	Oeste da Coruña	Cee
A Coruña	Oeste da Coruña	Fisterra
A Coruña	Oeste da Coruña	Mazaricos
A Coruña	Oeste da Coruña	Muxía
A Coruña	Oeste da Coruña	Vimianzo
A Coruña	Oeste da Coruña	Zas
A Coruña	Suroeste da Coruña	Boiro
A Coruña	Suroeste da Coruña	Dodro
A Coruña	Suroeste da Coruña	Lousame
A Coruña	Suroeste da Coruña	Muros
A Coruña	Suroeste da Coruña	Padrón
A Coruña	Suroeste da Coruña	Pobra do Caramiñal (A)
A Coruña	Suroeste da Coruña	Porto do Son
A Coruña	Suroeste da Coruña	Rianxo
A Coruña	Suroeste da Coruña	Ribeira
A Coruña	Suroeste da Coruña	Rois
Lugo	A Mariña	Cervo
Lugo	A Mariña	Ribadeo
Lugo	A Mariña	Valadouro (O)
Lugo	Centro de Lugo	Abadín
Lugo	Centro de Lugo	Antas de Ulla
Lugo	Centro de Lugo	Castroverde
Lugo	Centro de Lugo	Corgo (O)
Lugo	Centro de Lugo	Cospeito
Lugo	Centro de Lugo	Friol
Lugo	Centro de Lugo	Guitiriz
Lugo	Centro de Lugo	Guntín
Lugo	Centro de Lugo	Láncara
Lugo	Centro de Lugo	Lugo
Lugo	Centro de Lugo	Monterroso
Lugo	Centro de Lugo	Outeiro de Rei



Provincia	Zona	Concello
Lugo	Centro de Lugo	Palas de Rei
Lugo	Centro de Lugo	Paradela
Lugo	Centro de Lugo	Portomarín
Lugo	Centro de Lugo	Sarria
Lugo	Centro de Lugo	Vilalba
Lugo	Montaña de Lugo	Baleira
Lugo	Montaña de Lugo	Baralla
Lugo	Montaña de Lugo	Becerreá
Lugo	Montaña de Lugo	Cervantes
Lugo	Montaña de Lugo	Folgozo do Courel
Lugo	Montaña de Lugo	Fonsagrada (A)
Lugo	Montaña de Lugo	Negueira de Muñiz
Lugo	Montaña de Lugo	Pedrafita do Cebreiro
Lugo	Montaña de Lugo	Samos
Lugo	Montaña de Lugo	Triacastela
Lugo	Sur de Lugo	Bóveda
Lugo	Sur de Lugo	Carballedo
Lugo	Sur de Lugo	Monforte de Lemos
Lugo	Sur de Lugo	Pantón
Lugo	Sur de Lugo	Quiroga
Lugo	Sur de Lugo	Ribas de Sil
Lugo	Sur de Lugo	Saviñao (O)
Lugo	Sur de Lugo	Sober
Ourense	Miño de Ourense	Cartelle
Ourense	Miño de Ourense	Cenlle
Ourense	Miño de Ourense	Cortegada
Ourense	Miño de Ourense	Melón
Ourense	Miño de Ourense	Ourense
Ourense	Miño de Ourense	Padrenda
Ourense	Miño de Ourense	Pereiro de Aguiar (O)
Ourense	Miño de Ourense	Ribadavia
Ourense	Miño de Ourense	San Cibrao das Viñas
Ourense	Miño de Ourense	Toén
Ourense	Montaña de Ourense	Carballeda de Valdeorras



Provincia	Zona	Concello
Ourense	Montaña de Ourense	Castro Caldelas
Ourense	Montaña de Ourense	Gudiña (A)
Ourense	Montaña de Ourense	Mezquita (A)
Ourense	Montaña de Ourense	Montederramo
Ourense	Montaña de Ourense	Pobra de Trives (A)
Ourense	Montaña de Ourense	Riós
Ourense	Montaña de Ourense	San Xoán de Río
Ourense	Montaña de Ourense	Viana do Bolo
Ourense	Montaña de Ourense	Vilariño de Conso
Ourense	Noroeste de Ourense	Amoeiro
Ourense	Noroeste de Ourense	Avión
Ourense	Noroeste de Ourense	Boborás
Ourense	Noroeste de Ourense	Coles
Ourense	Noroeste de Ourense	Irixo (O)
Ourense	Noroeste de Ourense	Maside
Ourense	Noroeste de Ourense	San Cristovo de Cea
Ourense	Noroeste de Ourense	Vilamarín
Ourense	Sur de Ourense	Baltar
Ourense	Sur de Ourense	Baños de Molgas
Ourense	Sur de Ourense	Celanova
Ourense	Sur de Ourense	Cualedro
Ourense	Sur de Ourense	Entrimo
Ourense	Sur de Ourense	Gomesende
Ourense	Sur de Ourense	Laza
Ourense	Sur de Ourense	Lobeira
Ourense	Sur de Ourense	Lobios
Ourense	Sur de Ourense	Monterrei
Ourense	Sur de Ourense	Muíños
Ourense	Sur de Ourense	Oímbra
Ourense	Sur de Ourense	Quintela de Leirado
Ourense	Sur de Ourense	Rairiz de Veiga
Ourense	Sur de Ourense	Sandiás
Ourense	Sur de Ourense	Sarreaus
Ourense	Sur de Ourense	Trasmiras



Provincia	Zona	Concello
Ourense	Sur de Ourense	Verea
Ourense	Sur de Ourense	Verín
Ourense	Sur de Ourense	Vilar de Barrio
Ourense	Sur de Ourense	Vilardevós
Ourense	Sur de Ourense	Xinzo de Limia
Ourense	Sur de Ourense	Xunqueira de Ambía
Ourense	Valdeorras	Barco de Valdeorras (O)
Ourense	Valdeorras	Larouco
Ourense	Valdeorras	Petín
Ourense	Valdeorras	Rubiá
Ourense	Valdeorras	Vilamartín de Valdeorras
Pontevedra	Interior de Pontevedra	Campo Lameiro
Pontevedra	Interior de Pontevedra	Cañiza (A)
Pontevedra	Interior de Pontevedra	Cerdedo
Pontevedra	Interior de Pontevedra	Cotobade
Pontevedra	Interior de Pontevedra	Covelo
Pontevedra	Interior de Pontevedra	Cuntis
Pontevedra	Interior de Pontevedra	Dozón
Pontevedra	Interior de Pontevedra	Estrada (A)
Pontevedra	Interior de Pontevedra	Forcarei
Pontevedra	Interior de Pontevedra	Fornelos de Montes
Pontevedra	Interior de Pontevedra	Lalín
Pontevedra	Interior de Pontevedra	Moraña
Pontevedra	Interior de Pontevedra	Rodeiro
Pontevedra	Interior de Pontevedra	Vila de Cruces
Pontevedra	Miño de Pontevedra	Arbo
Pontevedra	Miño de Pontevedra	Crecente
Pontevedra	Miño de Pontevedra	Mondariz
Pontevedra	Miño de Pontevedra	Neves (As)
Pontevedra	Miño de Pontevedra	Ponteareas
Pontevedra	Miño de Pontevedra	Porriño (O)
Pontevedra	Miño de Pontevedra	Rosal (O)
Pontevedra	Miño de Pontevedra	Salceda de Caselas
Pontevedra	Miño de Pontevedra	Salvaterra de Miño



Provincia	Zona	Concello
Pontevedra	Miño de Pontevedra	Tomiño
Pontevedra	Miño de Pontevedra	Tui
Pontevedra	Rías Baixas	Barro
Pontevedra	Rías Baixas	Bueu
Pontevedra	Rías Baixas	Caldas de Reis
Pontevedra	Rías Baixas	Cambados
Pontevedra	Rías Baixas	Cangas
Pontevedra	Rías Baixas	Catoira
Pontevedra	Rías Baixas	Gondomar
Pontevedra	Rías Baixas	Grove (O)
Pontevedra	Rías Baixas	Meaño
Pontevedra	Rías Baixas	Meis
Pontevedra	Rías Baixas	Moaña
Pontevedra	Rías Baixas	Mos
Pontevedra	Rías Baixas	Nigrán
Pontevedra	Rías Baixas	Oia
Pontevedra	Rías Baixas	Pazos de Borbén
Pontevedra	Rías Baixas	Poio
Pontevedra	Rías Baixas	Ponte Caldelas
Pontevedra	Rías Baixas	Pontecesures
Pontevedra	Rías Baixas	Pontevedra
Pontevedra	Rías Baixas	Redondela
Pontevedra	Rías Baixas	Ribadumia
Pontevedra	Rías Baixas	Sanxenxo
Pontevedra	Rías Baixas	Soutomaior
Pontevedra	Rías Baixas	Valga
Pontevedra	Rías Baixas	Vigo
Pontevedra	Rías Baixas	Vilaboa
Pontevedra	Rías Baixas	Vilagarcía de Arousa
Pontevedra	Rías Baixas	Vilanova de Arousa

